

CURSO 21-22

# CRITERIOS DE PROMOCIÓN ESTÁNDARES MÍNIMOS 2º E.P

LOLI SILVA

CEIP PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL STA CRUZ - OLEIROS

## CIENCIAS DA NATURALEZA

CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.

CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.

CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.

CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.

CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.

CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.

CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.

CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.

CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.

CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.

CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso.

## CIENCIAS SOCIAIS

CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.

CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.

CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.

CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.

CSB2.4.1. Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.

CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.

CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.

CSB3.3.1. Describe algunas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica

CSB3.4.1. Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.

CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son más novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.

CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.

CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.

CSB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no

seu manexo.

CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.

CSB4.3.2. Describe algúun acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoo con criterios temporais.

CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimientos, vivencias e opinións.

LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.

LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.

LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.

LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.

LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos....

LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á compresión literal.

LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.

LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia

infantil.

LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo.

LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

LCB2.3.3. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.

LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...

LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contenido.

LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.

LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.

LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.

LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.

LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

## MATEMÁTICAS

MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.

MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.

MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.

MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.

MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.

MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.

MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.

## INGLÉS

PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.

PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.

PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).

PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.

PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical más sinxela.

PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.

## ED. FÍSICA

EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.

EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.

EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compaño/a.

EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respuestas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta.

EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.

EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.

EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.

EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.

## VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

VSCB1.1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus estados de ánimo en composicións libres.

VSCB1.2.3. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.

VSCB1.2.4. Expresa, respondendo a preguntas de persoas adultas, os seus sentimento, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.

VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.

VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaluación responsable da execución das tarefas.

VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa comunicación non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimento e emocións.

VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.

VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.

VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.

VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.

VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

EPB1.2.1 Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.

EPB1.3.1 Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.

EPB1.4.1 Identifica diferentes formas de representación do espazo.

EPB2.6.1 Elabora e representa imaxes despois ducha presentación audiovisual.

EPB2.7.1 Coida o material e respecta as normas pre establecidas.

EPB2.8.1 Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.

EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escuta das audicións.

EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.

EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.

EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas

compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.

EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.

EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.

LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.

LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.

LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.

LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamiento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.

LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.

LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.

LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.

LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.

LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.

LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.

LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.

LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.

LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.

## RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

1.1- Toma conciencia e expresa os momentos e as causas que lle fan feliz a el e as persoas do seu redor.

2.1-Asocia expresións e comportamentos dos patriarcas nos relatos bíblicos a través dos recursos interactivos.

3.1-Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre o valor profundo do Nadal.

3.2 Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.